

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 1/11, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO POR EXCLUSIVIDADE, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DO SUPERCOMPUTADOR FINIS TERRAE

Con data 4 de febreiro de 2011, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, CESGA), a través do procedemento negociado por exclusividade, dos servizos de mantemento preventivo e correctivo do supercomputador Finis Terrae.

No expediente de contratación consta debidamente acreditadas as razóns polas que a tramitación tivo que facerse por exclusividade.

Con data 7 de febreiro de 2011 cursouse invitación á empresa Hewlett Packard Española S.L., empresa que ostenta os dereitos de exclusiva respecto dos servizos a contratar, concedéndolle un prazo ata o 17 de febreiro de 2011 para que presentara a súa oferta.

Con data 17 de febreiro de 2011, dentro do prazo conferido, recibíuse no CESGA a oferta do licitador.

Coa mesma data procedeuse á apertura da mesma, non se observa ningún defecto na documentación que forma parte da documentación xeral do licitador.

A continuación procedeuse ao estudo da parte técnica, contendo todos os documentos esixidos nos pregos.

A oferta económica ascende a cantidade de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), máis sesenta e tres mil euros (63.000,00 €) que corresponden ao Imposto sobre o Valor Engadido, o que supón un total de catrocentos trece mil euros (413.000,00 €). A oferta económica non excede do orzamento máximo de licitación establecido no prego de condicións nin tampouco se aprecia ningún dato que poda facela inviable

Trala correspondente negociación co licitador, e posto que a súa oferta técnica e económica cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de condicións e de prescricións técnicas, e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos do CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar o contrato de servizos de mantemento preventivo e correctivo do supercomputador Finis Terrae, a favor da empresa Hewlett Packard Española S.L., con CIF B-28.260.933, polo importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), máis sesenta e tres mil euros (63.000,00 €) que corresponden ao Imposto sobre o Valor Engadido, o que supón un total de catrocentos trece mil euros (413.000,00 €), con cargo á partida de gasto 622 dos orzamentos do CESGA para o exercicios 2011

Segundo.- Requerir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de QUINCE (15) días hábiles a contar dende o seguinte a recepción da presente resolución, ao que uniráselle, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar do prego de condicións e de prescricións técnicas que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo adxudicatario.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ao adxudicatario.

Cuarto.- Fronte á presente resolución poderá interpoñerse, perante ao órgano de contratación e no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, o recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 310 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

En Santiago de Compostela a 1 de marzo de 2011,



**O Director-Xerente da Fundación
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**